

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 7 DE XANEIRO DE 2008

2.- Proposta da concelleira delegada de rehabilitación e casco histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do casco histórico.

Concédense axudas á rehabilitación de 52 vivendas, por un total de 385.510,86 euros, dos que 165.769,65 son achegados pola Xunta (en virtude do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e o Concello en materia de actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico, asinado o 9 de marzo de 2007) e 219.741,21 polo Ministerio de Vivenda.

3.- Proposta da Alcaldía relativa á creación do Foro polo civismo.

Apróbase a creación deste Foro, que convida aos representantes dos diferentes ámbitos e sectores da cidade a ser voceiros das propostas municipais que se formulen para atallar as consecuencias derivadas do botellón.

4.- Propostas do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativas a solicitudes de beneficios fiscais en diversos impostos.

Concédense diversas bonificacións e beneficios fiscais en materia de Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI), Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana (IBIU), Plusvalía e Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU).

5.- Aceptación dunha subvención concedida ao Concello pola Xunta de Galicia.

Acéptase a subvención de 11.957 euros concedida polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) para un Proxecto de aforro enerxético nos semáforos nas interseccións da avenida Romero Donallo coa rúa do Hórreo e coa rotonda de Pontepedriña. A actuación consiste na substitución de luminarias de incandescencia por outras de leds.